

EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS S.A.

Informe de auditoría, contas anuais e informe de xestión do exercicio 2017

**Empresa Pública de Servizos Agrarios
Galegos S.A.**

**Informe de auditoría de contas anuais emitido por
un auditor independente**

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, (Accionista Único da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.):

Opinión

Auditamos as contas anuais de Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (a Sociedade), que comprenden o balance a 31 de decembro de 2017, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria correspondentes ao exercicio terminado na devandita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Sociedade a 31 de decembro de 2017, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Fundamento da opinión

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas describíense máis adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais do noso informe*.

Somos independentes da Sociedade de conformidade cos requerimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos de auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen a necesaria independencia de modo que se vira comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión.

Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estes, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.



A3M Auditores
&
Consultores del Noroeste, S.L.
CIF B2119510
ROAC Nº S-2300

Estimación da provisión por litixios e demandas

Descrición

De acordo co indicado na Nota 14 da memoria adxunta, ao peche do exercicio 2017 a Sociedade atopábase inmersa en distintos procedementos xudiciais e reclamacións de natureza laboral, con orixe no desenvolvemento habitual das súas actividades.

A estimación das provisións necesarias para cubrir os custos derivados dos devanditos litixios e reclamacións en curso é unha das áreas que maior xuízo require de acordo coas condicións de incerteza inherentes ás obrigacións das que se derivan. Por iso, esta área foi considerada a de maior significatividade na nosa auditoría.

Resposta de auditoría

Para dar resposta a este aspecto, os nosos procedementos de auditoría consistiron, entre outros, en: o entendemento e a revisión do proceso de estimación de provisións efectuado pola Dirección e Administradores da Sociedade; obtención de cartas de confirmación de asesores legais da Sociedade acerca dos litixios en curso ao peche así como selección dunha mostra de demandas para avaliar o seu correcto rexistro. Por último analizamos o rexistro, razoabilidade e movemento das provisións contables rexistradas por estes conceptos, e verificamos que na memoria adxunta se inclúe a información que require o marco de información financeira aplicable.

Outra información: Informe de xestión

A outra información comprende exclusivamente o informe de xestión do exercicio 2017, cuxa formulación é responsabilidade dos administradores da Sociedade e non forma parte integrante das contas anuais.

A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cobre o informe de xestión. A nosa responsabilidade sobre o informe de xestión, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a concordancia do informe de xestión coas contas anuais, a partir do coñecemento da entidade obtido na realización da auditoría das citadas contas e sin incluír información distinta da obtida como evidencia durante a mesma. Así mesmo, a nosa responsabilidade consiste en avaliar e informar de se o contido e presentación do informe de xestión son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, baseándonos no traballo que realizamos, concluímos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informar diso.

Sobre a base do traballo realizado, segundo o descrito no parágrafo anterior, a información que contén o informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2017 e o seu contido e presentación son conformes á normativa que resulta de aplicación.

Responsabilidade dos administradores en relación coas contas anuais

Os administradores son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, os administradores son responsables da valoración da capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se os administradores teñen intención de liquidar a sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grado de seguridade pero non garantiza que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando exista. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e se consideran materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, diseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso de unha incorrección material debida a erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos administradores.

- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polos administradores, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dudas significativas sobre a capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluimos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Con todo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Sociedade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.


Comunicámonos cos administradores da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos administradores da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar públicamente a cuestión.

A3M Auditores & Consultores del Noroeste, S.L.

Inscrita no R.O.A.C. Nº S2300



M. Beatriz/Eiroa Álvarez

Inscrita no R.O.A.C. Nº 20799

2 de abril de 2018



ON3404152

Contas Anuais 2017

EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.



CLASE 8.^a
CORRESPONDENCIA



ON3404153

Índice

-
- **Contas Anuais 2017**
 - **Datos xerais de identificación**
 - **Balance de Situación**
 - **Conta de Perdas e Ganancias**
 - **Estado de Cambios no Patrimonio Neto**
 - **Estado de Fluxos de Efectivo**
 - **Modelo de documentos normal de información medioambiental**
 - **Modelo de documentos de información sobre accións ou participacións propias.**
 - **Memoria do Exercicio**
 - 1. Natureza e actividades principais. 1
 - 2. Bases de presentación. 2
 - 3. Distribución de resultados. 4
 - 4. Normas de rexistro e valoración. 5
 - 5. Inmovilizado material. 13
 - 6. Inversións inmobiliarias. 15
 - 7. Inmovilizado intanxible. 15
 - 8. Arrendamentos e outras operacións de natureza similar. 16
 - 9. Instrumentos financeiros. 16
 - 10. Existencias. 19
 - 11. Moeda estranxeira. 20



ON3404154

CLASE 8.^a

ANEXO 8

12. Situación fiscal.	20
13. Ingresos e gastos.	23
14. Provisións e continxencias.	27
15. Información sobre medio ambiente.	29
16. Retribucións a longo prazo ao persoal.	29
17. Transaccións con pagos baseados en instrumentos de patrimonio.	29
18. Subvencións, doazóns e legados.	29
19. Combinacións de negocios.	29
20. Negocios conxuntos.	29
21. Activos non correntes mantidos para a venda e operacións interrompidas.	30
22. Feitos posteriores ao peche.	30
23. Operacións con empresas do grupo.	30
24. Outra información.	32
25. Información segmentada.	32
26. Información Lei 15/2010 de loita contra a morosidade	33

• **Informe de xestión do exercicio 2017**

IDENTIFICACIÓN DE LA EMPRESA
IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

NIF: 01010 A70096557

Forma jurídica:
Forma xurídica:SA: 01011 X SL: 01012
Otras: 01013

Denominación social: 01020 EMPRESA PUBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS SA

Domicilio social: 01022 VIA MARCONI, 14 - POLIGONO DO TAMBRE

Municipio: 01023 SANTIAGO DE COMPOSTELA Provincia: 01025 A CORUÑA

Código postal: 01024 15890 Teléfono: 01031 881997190

Dirección de e-mail de contacto de la empresa Enderozo de e-mail de contacto da empresa 01037 EYANEZ@EPSEAGA.COM

Pertenece a un grupo de sociedades:

Pertenza a un grupo de sociedades:	DENOMINACIÓN SOCIAL / DENOMINACIÓN SOCIAL		NIF / NIF
Sociedad dominante directa:	01041		01040
Sociedad dominante última del grupo:	01061		01060

ACTIVIDAD
ACTIVIDADEActividad principal: 02009 SERVICIOS FORESTALES, SELVICOLAS MEDIOAMBIENTALES E MARITIMOS (1)
Código CNAE: 02001 02020 (1)
Código CNAE:PERSONAL ASALARIADO
PERSONAL ASALARIADO

a) Número medio de personas empleadas en el curso del ejercicio, por tipo de contrato, y empleo con discapacidad:

Número medio de persoas empregadas no curso do exercicio, por tipo de contrato, e emprego con discapacidade:

	EJERCICIO 2016 (2)	EJERCICIO 2017 (3)
FIJO		
FIXO (4):	04001 6	6
NO FIJO		
NON FIJO (5):	04002 226,05	281,08

Del cual: Personas empleadas con discapacidad mayor o igual al 33% (o calificación equivalente local):

Do cal, persoas empregadas con discapacidade maior ou igual do 33% (ou cualificación equivalente local):

04010	
-------	--

b) Personal asalariado al término del ejercicio, por tipo de contrato y por sexo:

Personal asalariado ao termo do exercicio, por tipo de contrato e por sexo:

	EJERCICIO 2016 (2)	EJERCICIO 2017 (3)
FIJO:		
FIXO:	04120 4	04121 2
NO FIJO:		
NON FIJO:	04122 71	04123 27

PRESENTACIÓN DE CUENTAS
PRESENTACIÓN DE CONTAS

Fecha de inicio a la que van referidas las cuentas:

Data de inicio a que van referidas as contas:

Fecha de cierre a la que van referidas las cuentas:

Data de peche a que van referidas as contas:

	EJERCICIO 2016 (2)	EJERCICIO 2017 (3)
01102	2016 01 01	2017 01 01
01101	2016 12 31	2017 12 31

Número de páginas presentadas al depósito:

Número de páxinas presentadas ao depósito:

01901	
-------	--

En caso de no figurar consignadas cifras en alguno de los ejercicios, indique la causa:

En caso de non figurar consignadas cifras ningún dos exercicios, indique a causa:

01903	
-------	--

UNIDADES
UNIDADES

Marque con una X la unidad en la que ha elaborado todos los documentos

que integran sus cuentas anuales:

Marque cun X a unidade en que elaborou todos os documentos que integran

as súas contas anuais:

Euros:	09001 X
Euros:	
Miles de euros:	09002
Miles de euros:	
Millones de euros:	09003
Millones de euros:	

(1) Según las clases (cuatro dígitos) de la Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009), aprobada por el Real Decreto 475/2007, de 13 de abril (BOE de 28.4.2007). / Segundo as clases (catro díxitos) da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009), aprobada polo Real Decreto 475/2007, do 13 de abril (BOE do 28.4.2007).

(2) Ejercicio al que van referidas las cuentas anuales. / Exercicio a que van referidas as contas anuais

(3) Ejercicio anterior. / Exercicio anterior.

(4) Para calcular el número medio de personal fijo, tenga en cuenta los siguientes criterios: / Para calcular o número medio de persoal fijo, teña en conta os seguintes criterios:

a) Si en el año no ha habido importantes movimientos de la plantilla, indique aquí la semisuma de los fijos a principio y a fin de ejercicio. / Se no ano non houbo importantes movementos do cadro de persoal, indique aquí a semisuma dos fijos a principio e á fin do exercicio.

b) Si ha habido movimientos, calcule la suma de la plantilla en cada uno de los meses del año y divídala por doce. / Se houbo movementos, calcule a suma da plantilla de persoal en cada un dos meses do ano e divídala por doce.

c) Si hubo regulación temporal de empleo o de jornada, el personal afectado por la misma debe incluirse como personal fijo, pero solo en la proporción que corresponda a la fracción del año o jornada efectivamente trabajada. / Se houbo regulación temporal de emprego ou de xornada, o persoal afectado por ela debe incluírse como persoal fijo, pero só na proporción que corresponda á fracción do ano ou xornada do ano efectivamente traballada.

(5) Puede calcular el personal no fijo medio sumando el total de semanas que han trabajado sus empleados no fijos y dividiendo por 52 semanas. También puede hacer esta operación (equivalente a la anterior). / Pode calcular o persoal non fijo medio sumando o total de semanas que traballaron os seus empregados non fijos e dividiendo por 52 semanas. Tamén pode facer esta operación (equivalente á anterior).

n.º de personas contratadas x n.º medio de semanas trabajadas n.º de persoas contratadas x n.º medio de semanas traballadas

52 52

BALANCE DE SITUACIÓN
A 31.12.17

ACTIVO	Nota	Exercicio 2017	Exercicio 2016	PATRIMONIO NETO E PASIVO	Nota	Exercicio 2017	Exercicio 2016
ACTIVO NON CORRENTE				PATRIMONIO NETO			
Inmovilizado intanxible	7	4.937,48	11.750,17	Fondos propios		4.566.293,14	4.609.533,31
Aplicacións informáticas		4.937,48	11.750,17	Capital		1.000.000,00	1.000.000,00
Inmovilizado material	5	102.498,81	80.341,47	Capital escriturado	9	1.000.000,00	1.000.000,00
Instalacións técnicas, e outro inmovilizado mater		102.498,81	80.341,47	Reservas	9	3.309.132,04	3.309.132,04
Inversións financeiras a longo prazo	9	36.757,74	51.816,55	Legal e estatutarias		3.309.132,04	3.309.132,04
Outros activos financeiros		36.757,74	51.816,55	Resultados de exercicios anteriores		93.125,29	93.125,29
Activos por imposto diferido	12	4.556,16	5.207,04	Remanente	9	93.125,29	93.125,29
Total Activo Non Corrente		148.750,19	149.115,23	Resultado do exercicio	3-9	164.035,81	207.275,98
				Total Patrimonio Neto		4.566.293,14	4.609.533,31
				PASIVO NON CORRENTE			
				Provisións a longo prazo	14	2.357.545,57	3.417.228,98
				Actuacións medioambientais		10.718,66	10.718,66
				Outras provisións		2.346.826,91	3.406.510,32
				Total Pasivo Non Corrente		2.357.545,57	3.417.228,98
ACTIVO CORRENTE				PASIVO CORRENTE			
Debedores comerciais e outras contas a cobrar	9	10.532.034,88	10.009.087,01	Débedas a curto prazo		214.088,28	10.829,50
Clientes, empresas do grupo e asociadas		10.532.034,88	10.009.087,01	Outros pasivos financeiros	9	214.088,28	10.829,50
Periodificacións a curto prazo		2.716,37	34.121,18	Acredores comerciais e outras contas a paga		5.495.808,70	4.386.561,15
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	9	1.950.234,25	2.231.829,52	Provedores	9	165.159,92	265.675,91
Tesourería		1.950.234,25	2.231.829,52	Acredores varios	9	3.713.644,97	3.203.448,70
Total Activo Corrente		12.484.985,50	12.275.037,71	Persoal (remuneracións pendentes de pago)	9	3.754,44	3.495,84
				Pasivos por imposto corrente	12	54.792,42	10.417,43
				Otras débedas coas Administracións Públicas	12	325.370,19	87.774,89
				Adiantamentos de clientes	9	1.233.086,76	815.748,38
				Total Pasivo Corrente		5.709.896,98	4.397.390,65
TOTAL ACTIVO		12.633.735,69	12.424.152,94	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO		12.633.735,69	12.424.152,94

As Notas 1 a 26 da memoria adxunta forman parte integrante do Balance de situación

CLASE 8ª

TRES CENTIMOS DE EURO



0N3404155

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

A 31.12.17



ON3404156

CLASE 8. ^a	Nota	Ejercicio 2017	Ejercicio 2016
OPERACIONES CONTINUADAS			
Importe neto da cifra de negocios		16.684.639,29	17.362.720,60
Ventas	23-25	4.923,75	---
Prestacións de servizos	23-25	16.679.715,54	17.362.720,60
Aprovisionamentos	13	-7.080.250,42	-9.809.312,06
Consumo de materias primas e outras materias consumibles		-935.947,07	-1.039.062,98
Traballos realizados por outras empresas		-6.144.303,35	-8.770.249,08
Gastos de persoal	13	-7.739.703,43	-6.765.299,70
Soldos, salarios e asimilados		-5.893.203,74	-5.377.328,77
Cargas sociais		-1.846.499,69	-1.387.970,93
Outros gastos de explotación	13	-3.052.299,77	-1.985.172,37
Servizos exteriores		-2.965.840,94	-1.891.456,26
Tributos		-86.458,83	-93.716,11
Amortización do inmovilizado	5	-37.915,68	-35.850,88
Excesos de provisiones	14	1.443.689,46	1.442.146,44
Otros resultados excepcionais		636,75	56.748,99
RESULTADO DE EXPLOTACIÓN		218.796,20	265.981,02
Ingresos financeiros		744,64	10.213,38
De valores negociables e outros instrumentos financeiros		744,64	10.213,38
De terceiros	13	744,64	10.213,38
RESULTADO FINANCIERO		744,64	10.213,38
RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS		219.540,84	276.194,40
Impostos sobre beneficios	12	-55.505,03	-68.918,42
RESULTADO DO EJERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIONES CONTINUADAS		164.035,81	207.275,98
RESULTADO DO EJERCICIO	3	164.035,81	207.275,98

As Notas 1 a 26 da memoria adxunta forman parte integrante da Cuenta de Perdas e Ganancias



ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO

A 31.12.17



ON3404157

CLASE 8.^a

A) ESTADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS


	Nota	2017	2016
Resultado da conta de perdas e ganancias	3	164.035,81	207.275,98
TOTAL DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS		164.035,81	207.275,98

B) ESTADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO CORRESPONDENTE O EXERCICIO REMATADO O 31/12/2017

	Capital	Reservas	Remanente	Resultado do exercicio	TOTAL
	Escriturado				
SALDO, FINAL DO ANO 2015	1.000.000,00	3.309.132,04	93.125,29	728.720,11	5.130.977,44
SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO 2016	1.000.000,00	3.309.132,04	93.125,29	728.720,11	5.130.977,44
Total ingresos e gastos recoñecidos.				207.275,98	207.275,98
Operacións con socios ou propietarios.					
Distribución de dividendos (-)				-728.720,11	-728.720,11
SALDO, FINAL DO ANO 2016	1.000.000,00	3.309.132,04	93.125,29	207.275,98	4.609.533,31
SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO 2017	1.000.000,00	3.309.132,04	93.125,29	207.275,98	4.609.533,31
Total ingresos e gastos recoñecidos.				164.035,81	164.035,81
Operacións con socios ou propietarios.					
Distribución de dividendos (-)				-207.275,98	-207.275,98
SALDO, FINAL DO ANO 2017	1.000.000,00	3.309.132,04	93.125,29	164.035,81	4.566.293,14

As Notas 1 a 26 da memoria adxunta forman parte integrante do Estado de Cambios no Patrimonio Neto

CLASE 8.ª



ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

A 31.12.17



ON3404159

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

CLASE 6.

	Notas	Ejercicio 2017	Ejercicio 2016
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN		-239.376,55	-8.087.058,56
Resultado do exercicio antes de impostos.		219.540,84	276.194,40
Axustes do resultado.			
Amortización do inmovilizado	5	37.915,68	35.850,88
Variación de provisións	14	-1.059.683,41	-92.317,97
Ingresos financeiros		-744,64	-10.213,38
Outros ingresos e gastos		---	1.620,94
Cambios no capital corrente.			
Debedores e outras contas a cobrar		-105.609,49	-7.909.020,37
Outros activos correntes		31.404,81	42.326,83
Acredores e outras contas a pagar		409.680,28	8.452,19
Otros pasivos correntes		237.853,90	21.185,67
Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.			
Cobros de xuros		744,64	10.213,38
Pagos (cobros) por imposto sobre beneficios		-10.479,16	-338.749,62
Outros pagos (cobros)		---	-132.601,51
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN		-42.218,72	-25.327,11
Pagos por inversións			
Inmovilizado intanxible.	7	-831,03	---
Inmovilizado material.	5	-56.446,50	-32.082,47
Outros activos financeiros.		---	-78.865,39
Cobros por desinversións			
Outros activos financeiros.		15.058,81	85.620,75
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN		---	-878.679,91
Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio.			
Dividendos		---	-878.679,91
AUMENTO/DISMIN. NETA DO EFECTIVO. OU EQUIVALENTE		-281.595,27	-8.991.065,58
Efectivo e equivalentes ó comenzo do exercicio.		2.231.829,52	11.222.895,10
Efectivo e equivalentes ó final do exercicio.		1.950.234,25	2.231.829,52

As Notas 1 a 26 da memoria adxunta forman parte integrante do Estado de Fluxos de Efectivo

0

0

**MODELO DE DOCUMENTO NORMAL DE
INFORMACIÓN MEDIOAMBIENTAL
A 31.12.17**



SOCIEDAD / SOCIEDADE EMPRESA PUBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS SA		NIF A70096557
DOMICILIO SOCIAL / DOMICILIO SOCIAL VIA MARCONI, 14 POLIGONO DEL TAMBRE		
MUNICIPIO / MUNICIPIO SANTIAGO DE COMPOSTELA	PROVINCIA / PROVINCIA A CORUÑA	EJERCICIO / EJERCICIO 2017

Los abajo firmantes, como Administradores de la Sociedad citada, manifiestan que en la contabilidad correspondiente a las presentes cuentas anuales **NO** existe ninguna partida de naturaleza medioambiental que deba ser incluida en la Memoria de acuerdo a las indicaciones de la tercera parte del Plan General de Contabilidad (Real Decreto 1514/2007, de 16 de Noviembre).

Os abaixo asinantes, como Administradores da Sociedade citada, manifestan que na contabilidade correspondente ás presentes contas anuais **NON** existe ningunha partida de natureza ambiental que deba ser incluída na Memoria de acordo ás indicacións da terceira parte do Plan Xeral de Contabilidade (Real Decreto 1514/2007, de 16 de Novembro).




Los abajo firmantes, como Administradores de la Sociedad citada, manifiestan que en la contabilidad correspondiente a las presentes cuentas anuales **SÍ** existen partidas de naturaleza medioambiental, y han sido incluidas en el Apartado 15 de la Memoria de acuerdo a las indicaciones de la tercera parte del Plan General de Contabilidad (Real Decreto 1514/2007, de 16 de Noviembre).

Os abaixo asinantes, como Administradores da Sociedade citada, manifestan que na contabilidade correspondente ás presentes contas anuais **SÍ** existe ningunha partida de natureza ambiental que deba ser incluída na Memoria de acordo ás indicacións da terceira parte do Plan Xeral de Contabilidade (Real Decreto 1514/2007, de 16 de Novembro).



FIRMAS Y NOMBRES DE LOS ADMINISTRADORES / SINATURAS E NOMES DOS ADMINISTRADORES



**MODELO DE DOCUMENTOS DE INFORMACIÓN
SOBRE ACCIÓNS OU PARTICIPACIÓNS PROPIAS**

A 31.12.17



B MODELO DE DOCUMENTOS DE INFORMACIÓN SOBRE ACCIONES O PARTICIPACIONES PROPIAS A1
/ MODELO DE DOCUMENTOS DE INFORMACIÓN SOBRE ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS PROPIAS

[illegible]

Nota: Caso de ser necesario, utilizar tantos ejemplares como sean requeridos de la hoja A1.1
/ **Nota:** Caso de ser necesario, utilizar tantos exemplares como sexan requiridos da follla A1.1

(1) AQ: Adquisición originaria de acciones o participaciones propias o de la sociedad dominante (artículos 135 y siguientes de la Ley de Sociedades de Capital) / Adquisición originaria de acciones o participaciones propias o de la sociedad dominante (artículos 135 y siguientes de la Ley de Sociedades de Capital).
AD: Adquisición derivada directa / Adquisición derivada directa.
AI: Adquisición derivada indirecta / Adquisición derivada indirecta.
AL: Adquisición libre (artículos 140, 144 y 146 de la Ley de Sociedades de Capital). Adquisición libre (artículos 140, 144 y 146 de la Ley de Sociedades de Capital).
ED: Enajenación de acciones adquiridas en contravención de los tres primeros requisitos del artículo 146 de la Ley de Sociedades de Capital / Alienação de acciões adquiridas em contravensão dos três primeiros requisitos do artigo 146 da Lei de Sociedades de Capital.
EL: Enajenación de acciones o participaciones de libre adquisición (artículo 145.1

de la Ley de Sociedades de Capital) / Alieamento de acci3n o participaci3n de libre adquisici3n (articulo 145.1 de la Ley de Sociedades de Capital).
 RD: Amortizaci3n de acciones ex articulo 146 de la Ley de Sociedades de Capital / Amortizaci3n de acci3n ex articulo 146 de la Ley de Sociedades de Capital.
 RL: Amortizaci3n de acciones o participaciones de libre adquisici3n (articulo 145 de la Ley de Sociedades de Capital) / Amortizaci3n de acci3n o participaci3n de libre adquisici3n (articulo 145 de la Ley de Sociedades de Capital).
 AG: Aceptaci3n de acciones propias en garantia (articulo 149 de Ley de Sociedades de Capital) / Aceptaci3n de acciones propias en garantia (articulo 149 de la Ley de Sociedades de Capital).
 AF: Acci3n adquiridas mediante asistencia financiera de la propia entidad (articulo 150 de la Ley de Sociedades de Capital) / Acci3n adquiridas mediante asistencia financiera de la propia entidad (articulo 150 de la Ley de Sociedades de Capital).

PR: Acciones o participaciones recíprocas (artículos 151 y siguientes de la Ley de Sociedades de Capital) / Accions ou participacions recíprocas (artícles 151 e següents de la Llei de Societats de Capital).

B MODELO DE DOCUMENTOS DE INFORMACIÓN SOBRE ACCIONES O PARTICIPACIONES PROPIAS A8
/ MODELO DE DOCUMENTOS DE INFORMACIÓN SOBRE ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS PROPIAS

SOCIEDAD / SOCIEDADE EMPRESA PUBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS SA	NIF A70096557
EJERCICIO / EXERCICIO 2017	
Espacio destinado para las firmas con identificación de los administradores, número de hojas, y fecha de comunicación / Espazo destinado para as sinaturas con identificación dos administradores, número de follas, e data de comunicación.	
	



CLASE 8.^a



ON3404160

**MEMORIA DE CONTAS ANUAIS E
FORMULACIÓN DE RESULTADOS
A 31.12.17**



CLASE 8.^a



ON3404161

EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.

MEMORIA NORMAL DE CONTAS ANUAIS A 31 DE DECEMBRO DE 2017

1. NATUREZA E ACTIVIDADES PRINCIPAIS.

A Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.Unipersoal (en diante SEAGA, S.A) constitúese como sociedade pública autonómica en Santiago de Compostela (A Coruña) o 2 de febreiro de 2007, por un período de tempo indefinido. O domicilio social fíxase no Edificio Administrativo San Lázaro S/N en Santiago de Compostela.

A sociedade pertence ao 100% á Xunta de Galicia.

A sociedade está inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña no tomo 3172 do arquivo, Folla C-40654.

A sociedade réxese polo Real Decreto Lexislativo 1/2010 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, polos estatutos, pola lei 16/2010 de 17 de decembro, pola lexislación de contratos do sector público e polas disposicións legais que en cada momento lle sexan aplicables.

En escritura de elevación a público Núm. 1984 de data 27 de novembro de 2009 procédese ó cambio de domicilio fiscal e social da sociedade, quedando fixado na Vía Marconi, Nº 14 do Polígono Industrial do Tambre en Santiago de Compostela.

Así mesmo, en escritura de elevación a público Núm. 2436 de data 19 de decembro de 2012 procédese a ampliación do seu obxecto social quedando como segue.



CLASE 8.^a



ON3404162

A Empresa pública Seaga ten por obxecto a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos en materias agrícolas, gandeiras, forestais, acuícolas, pesqueiras, marisqueiras, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e medioambiental así como as necesarias para o mellor uso e xestión dos recursos naturais, e para a mellora dos servizos e recursos públicos.

O seu obxecto social constitúe tamén a realización de actividades que requiran intervención de carácter urxente e emerxencias de todo tipo en especial as intervencións en catástrofes medio ambientais, crises ou necesidades de carácter agrario, pecuario, forestal ou marítimo. A actividade agrícola, gandeira, animal, forestal, da pesca, do marisqueo, da acuicultura e da comercialización dos seus produtos que de forma taxativa lle sexan encomendadas pola Xunta de Galicia.

As actividades enumeradas anteriormente poden ser desenvolvidas pola Sociedade, total ou parcialmente, ou ben mediante a titularidade de accións ou de participacións en sociedades con obxecto social idéntico.

A moeda funcional da sociedade é o euro.

2. BASES DE PRESENTACIÓN.

1. Imaxe Fiel.

Os estados financeiros (contas anuais) da sociedade, correspondentes ao exercicio 2017 a data 31 de decembro de 2017, foron formulados a partir dos rexistros contables da sociedade, de acordo cos principios de contabilidade xeralmente aceptados e demais criterios valorativos recollidos no RD 1514/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade así como da veracidade dos fluxos incorporados no estado de fluxos de efectivo.



ON3404163

Non existen razóns excepciónais polas que, para amosa-la imaxe fiel, non se teñan aplicado disposicións legais en materia contable.

As presentes contas anuais, que foron formuladas polo Órgano de Administración da Sociedade, someteranse a aprobación pola Xunta Xeral Ordinaria de accionistas, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha. Por outra parte, as contas anuais do exercicio 2016 foron aprobadas por la Xunta Xeral Ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2017.

2. Principios, Aspectos críticos da valoración e estimación de incerteza e xuízos relevantes na aplicación de políticas contables.

A sociedade elaborou as presentes contas anuais baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos ou no exercicio seguinte.

Nas contas anuais adxuntas utilizáronse ocasionalmente estimacións realizadas pola Dirección da Sociedade para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos ou gastos e compromisos que figuran rexistrados, caso da vida útil dos activos para cálculo de amortizacións ou estimacións de compromisos futuros caso de provisións por continxencias. A pesar de estar feitas estas estimacións coa mellor información da que se dispoñía, non se descarta que no futuro poida ser necesario modificar estas estimacións en función de acontecementos futuros que as modifiquen. Nese caso corríxiranse de maneira prospectiva nas contas de perdas e ganancias futuras atendendo ás novas circunstancias.



CLASE 8.^a



ON3404164

Para a elaboración das contas do exercicio 2017 seguíronse os principios contables xeralmente aceptados establecidos no Código de Comercio e no Plan Xeral de Contabilidade aprobado por Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, e especialmente tivéronse presentes as normas de valoración descritas na Nota 4. Non existe ningún principio contable obrigatorio que, sendo significativo o seu efecto, se deixase de aplicar na elaboración das contas anuais.

Durante o exercicio 2017 non se produciron cambios de criterios contables significativos respecto ós criterios aplicados no exercicio anterior.

As contas anuais do exercicio 2017 non inclúen axustes realizados como consecuencia de erros detectados no exercicio.

3. Comparación da información.

De acordo coa lexislación mercantil aplicable, os Administradores da sociedade presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do Balance, da Conta de Perdas e Ganancias, do Estados de Cambios no Patrimonio Neto, do Estado de Fluxos de efectivo, e da Memoria, as correspondentes ao exercicio anterior.

Non existe agrupación de partidas nas contas anuais adxuntas, nin elementos recollidos en máis dunha partida.

3. DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS.

A proposta de distribución de resultados do exercicio que finaliza o 31 de decembro de 2017, que o Consello de Administración propondrá á Xunta Xeral de Accionistas para a súa aprobación, será a seguinte:



CLASE 8.^a



ON3404155

Concepto	Exercicio 2016	Exercicio 2017
Beneficio despois de Impostos (neto)	207.275,98 €	164.035,81 €
A dividendos	207.275,98 €	164.035,81 €
Total repartido:	207.275,98 €	164.035,81 €

O artigo 274 da Lei de Sociedades de Capital establece que se destinará a reservas legais o 10% do beneficio ate que dita reserva acade, como mínimo, o 20% do capital social. Dado que a cifra de reserva legal xa acadou, e supera, dita contía, non se destinará parte do beneficio a este concepto.

Nos exercicios 2016 e 2017, non se dota a Reserva Estatutaria, xa que no exercicio 2013 se modificaron os Estatutos da Sociedade, eliminando dita reserva.

Durante o exercicio non se pagaron os dividendos correspondentes ós exercicios 2016, figurando a débeda rexistrada dentro de Outros pasivos financeiros ó cierre (ver nota 9).

Unha vez cubertas as atencións previstas pola Lei ou os estatutos, soamente porán repartirse dividendos con cargo ó beneficio do exercicio, ou a reservas de libre disposición, si o valor do patrimonio neto non é ou, a consecuencia do reparto, non resulta ser inferior ó capital social. A estes efectos, os beneficios imputados directamente ó patrimonio neto non porán ser obxecto de distribución, directa nin indirecta. Si existiran perdas de exercicios anteriores que fixeran que ese valor do patrimonio neto da sociedade fora inferior a cifra del capital social, o beneficio destinarase a compensación de estas perdas.



CLASE 8.^a



ON3404166

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.

Estas contas foron elaboradas de acordo coas normas de rexistro, valoración e clasificación contidos no Plan Xeral de Contabilidade vixente actualmente. Neste sentido os criterios contables aplicados en relación coas diferentes partidas, son os seguintes:

a) Inmobilizado material.

Os inmobilizados materiais valoráronse segundo o seu custo, ben sexa éste o prezo de adquisición a terceiros ou ben o custo de produción (caso de fabricación propia). Os impostos indirectos que gravan os elementos do inmobilizado material, só se incluíron no prezo de adquisición ou custo de produción cando non teñen sido recuperables directamente da Facenda Pública.

Tamén se incluíron como parte do valor dos inmobilizados materiais, a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas, tales como os custos de rehabilitación, sempre que estas obrigas deran lugar ao rexistro de provisiones. Ó final do exercicio evalúase a existencia de indicios de deterioro, e nese caso estímanse os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

As amortizacións téñense establecido de maneira sistemática e racional en función da vida útil dos inmobilizados materiais e do seu valor residual, atendendo á depreciación que normalmente sufriron polo seu funcionamento, uso ou disfrute, sen perxuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica ou comercial que podería afectalos. Cando proceda recoñecer correccións valorativas, éstas, axústanse ás amortizacións dos exercicios seguintes do inmobilizado deteriorado, tendo en conta o novo valor contable.



CLASE 8.^a



ON3404167

A entidade utiliza por grupos de elementos os seguintes coeficientes de amortización liñais:

Inmovilizado	Anos	Coeficiente
Maquinaria	4- 10	10,00%-25,00%
Utilexe	4-10	10,00% e 25,00%
Outras instalacións	5	20,00%
Mobiliario	10	10,00%
Equipos para proceso da información	4-6	15,00% e 25,00%
Elementos de transporte	12,5	8%

A Sociedade no exercicio 2015 procedeu a modificar as porcentaxes de amortización para adaptalas as novas porcentaxes fiscais, e tal e como se indica na Lei 27/2014. Esta modificación considerase un cambio de estimación, polo que se modificou prospectivamente.

Os custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens de inmovilizado material teñen sido incorporados ao activo como máis valor do ben na medida en que supoñan un aumento da capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil, dándose de baixa o valor contable dos elementos que se substituíron. Os gastos de mantemento e as reparacións do inmovilizado material que non melloren a súa utilización ou prolonguen a súa vida útil, cargaranse na conta de perdas e ganancias no momento no que se producen.

b) Inversións Inmobiliarias.

Non existen no exercicio 2017 e tampouco existiron nos exercicios anteriores.

c) Inmovilizado intanxible.

O inmovilizado intanxible valórase segundo o seu custo, ben sexa éste o prezo de adquisición a terceiros ou ben o custo de produción, e sen perxuizo do indicado nas



CLASE 8.^a

0,03 EUROS



ON3404168

normas particulares sobre este tipo de inmovilizados. Os activos deste tipo recoñecidos pola sociedade recoñeceráronse por cumpriren coa definición de Activo e cos criterios de rexistro ou recoñecemento contable contidos no Marco Conceptual da Contabilidade do RD 1514/2007.

Os impostos indirectos que gravan os elementos do inmovilizado intanxible, somentes se incluíron no prezo de adquisición ou custo de produción cando non foron recuperables directamente da Facenda Pública.

Os activos intanxibles son activos de vida útil definida e, por tanto, amortízase sistematicamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada cierre do exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Ó cierre do exercicio, evalúase a existencia de indicios de deterioro, en cuxo caso estímanse os importes recuperables, efectuándose las correccións valorativas que procedan, tal e como se establece no apartado a de este epígrafe.

Cando a vida útil destes activos non poida estimarse de maneira fiable amortizaráanse nun prazo de dez anos, sen perxucio dos prazos establecidos nas normas particulares sobre el inmovilizado intanxible.

As amortizacións destes elementos intanxibles estableceráronse de maneira sistemática e racional en función da vida útil dos inmovilizados intanxibles e do seu valor residual, atendendo á depreciación que normalmente sufriron polo seu funcionamento, uso ou disfrute, sen perxucio de considerar tamén a obsolescencia técnica ou comercial que podería afectalos. Ó final do exercicio evalúase a existencia de indicios de deterioro, e nese caso estímanse os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan. A entidade usa os seguintes coeficientes liñais de amortización:

Q



CLASE 8.^a



ON3404169

Inmovilizado	Anos	Coeficiente
Aplicacións informáticas	3	33,33%

d) Arrendamentos :

Non existen arrendamentos financeiros xa que os vehículos alugados pola empresa están considerados como un gasto de aluguer toda vez que non se deduce que se vaian a transferir á empresa ó finalizar o arrendo, nin o prazo do aluguer cubre a maior parte da vida económica do activo.

Os gastos derivados dos acordos de arrendamento operativo cárganse a conta de perdas e ganancias no exercicio no que se devengan.

e) Activos financeiros:

3. Los organismos, entidades, entes, empresas, fundaciones, mutuas, etc., que no tienen la condición de Administración Pública a los efectos de la Ley de Contratos del Sector Público, y por no resultarles de aplicación lo dispuesto en el artículo 200.4 de la misma Ley, han de pagar sus deudas en el plazo de sesenta días, conforme se regula en el artículo 4.1 de la Ley 3/2004.

Santiago de Compostela a 23 de marzo de 2018.



CLASE 8.^a



ON3404199

1. MARCO DE ACTUACIÓN DA SOCIEDADE.

1.1. ESTATUTOS.

Os estatutos da Sociedade foron aprobados polo Decreto 260/2006, do 28 de decembro, creación da sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. e modificados no exercicio 2012.

Dita modificación dos Estatutos foi autorizada por acordo do Consello da Xunta, na súa reunión do 13 de setembro de 2012. Unha vez aprobados pola Xunta Xeral da Sociedade, na reunión do 12 de decembro de 2012, foron elevados a público e inscritos no Rexistro Mercantil. Por resolución do 5 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, ordenouse a súa publicación no Diario Oficial de Galicia o 13 de febreiro de 2013.

Dende entón non se produciron modificacións nos Estatutos da Sociedade. Con motivo da entrada en vigor da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, vai ser preciso adaptar os Estatutos antes do 9 de agosto de 2018 segundo o exposto no artigo 32.

1.2. INSTRUCCIÓN CONXUNTA E SISTEMA DE TARIFAS.

O marco regulador das encomendas, que a Administración Galega lle formule á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A, esta establecido mediante:



CLASE 8.^a



ON3404200

- A “Instrución conxunta das Consellerías de Economía e Facenda e do Medio Rural sobre o réxime das encomendas á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.”.
- O sistema de tarifas aplicable á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA).

O sistema de tarifas aplicable á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) nas encomendas que lle formule a Administración Galega aprobouse con data 15 de setembro de 2009, pola comisión interdepartamental constituída a tal efecto segundo o disposto no artigo 44 da “Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009”, e pola “Instrución conxunta das Consellerías de Economía e Facenda e do Medio Rural sobre o réxime das encomendas á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.”.

O 20 de agosto de 2013 aprobouse a modificación das Tarifas da Sociedade, adaptando as mesmas ás modificacións normativas e incluíndo prezos relacionados coas actividades contempladas no novo obxecto social da Sociedade.

Iniciáronse os traballos para a revisión das Tarifas vixentes e está previsto que rematen durante no primeiro catrimestre do exercicio 2018, recollendo as modificacións fiscais que entraron en vigor no exercicio 2015 e as disposicións contidas nas Leis de Orzamentos de 2016, 2017 e as adaptacións que se podan derivar da aprobación da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

1.3. INSTRUCCIÓN REGULADORA DOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN.

A Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece un prazo de catro meses dende a entrada en vigor da mesma, para proceder a adaptación das instrucións que



ON3404201

regulan os procedementos de contratación nos poderes adxudicadores que non teñen a condición de administracións públicas.

2. EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DA SOCIEDADE.

2.1. CIFRA DE NEGOCIO.

A cifra de negocio no exercicio 2017 acadou un importe neto total de 16.684.639 €, fronte ós 17.362.721 € do exercicio 2015. Trátase dunha lixeira caída da actividade cifrada nun 3,91%.

O dato final supera as previsións (incluso no momento de elaboración dos orzamentos de 2018) que establecían a cifra de negocio no entorno dos 15 millóns de euros, debido á prolongación de emerxencia do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais.

Na seguinte táboa indícase a evolución da cifra de negocio nos últimos cinco exercicios.

Exercicio	Cifra de Negocio (€)	Variación (€)	Variación (%)
2013	13.188.645		
2014	10.957.772	-2.230.873	-16,92%
2015	16.713.513	5.755.741	52,53%
2016	17.362.721	649.208	3,88%
2017	16.684.639	-678.082	-3,91%

Exprésase no seguinte gráfico a representación da evolución da cifra de negocio da Sociedade nos últimos cinco exercicios:




CLASE 8.^a



ON3404202

Evolución da cifra de negocio



2.2. CLIENTES

Continúa o proceso de incorporación de novos centros xestores como órganos encomendantes, e persiste a diversificación das liñas de actividade iniciada en exercicios anteriores, coas lóxicas variacións interanuais.

A distribución da cifra de negocio por consellería é a seguinte:

CONSELLERÍAS	CIFRA DE NEGOCIO	%
MEDIO RURAL	14.154.891,58 €	84,86%
MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	1.487.921,77 €	8,92%
MAR	691.345,91 €	4,14%
CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	300.832,02 €	1,80%
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	38.936,24 €	0,23%
FACENDA	5.788,02 €	0,03%
TOTAL	16.679.715,54 €	

A cifra de negocio por Consellerías difire da total (en 4.923,75 €), posto que aparecen nela os ingresos derivados dunha venda de madeira retirada dunha finca que forma parte do Patrimonio da Xunta.



CLASE 8.^a

REGISTRO



ON3404203

A maioría dos ingresos percibidos pola Sociedade 14.154.891,58 € (84,86%) procederon de traballos desenvolto para a Consellería do Medio Rural, á que está adscrita a Sociedade, e dos seus organismos dependentes.

As encomendas de Xestión recibidas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio acadaron un importe final de 1.487.921,77 € (8,92%), hai un lixeiro incremento do volume respecto do exercicio precedente.

A Consellería do Mar aporta un 4,14% da actividade (691.345,91 €) que experimenta unha forte caída respecto á cifra de 1.321.168,46 € do exercicio 2016. As causas son o retraso na planificación dos traballos de rexeneración (prorrogados ao 2018) e o cambio de clasificación microbiolóxica das zonas de marisqueo que reduciu a actividade na reinstalación.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Fundación da Cidade da Cultura de Galicia, encargou novas actuacións no Monte Gaiás por importe de 300.832,02 €, o que significa un 1,80 %.

Entre os entes dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, aparecen a Axencia de Turismo de Galicia e Retegal, con encomendas de importes pouco relevantes, pero que terán repercusión en exercicio vindeiros, xa que Retegal encargou traballos de mantemento dos centros de telecomunicacións para o exercicio 2018.

O impacto dos encargos da Consellería de facenda é testemuñal, pero abre unha liña de actuación en propiedades da Xunta que pode ter certa relevancia no futuro.


A continuación preséntase un gráfico que recolle as porcentaxes de actividade por Consellerías.



CLASE 8.^a



ON3404204



A análise pormenorizada das cifras é a seguinte:

Consellería do Medio Rural

A Subdirección Xeral de Defensa Contra Incendios Forestais é o cliente que máis volume aporta actividade da Sociedade, a cifra total de 7.084.090,62 € representa un 42,46% do total. É preciso salientar que unha parte importante dese volume (mais de 2 millóns de euros) corresponde a traballos inicialmente non previstos relacionados coa prolongación durante un mes do dispositivo de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais e coas medidas urxentes para control dos efectos erosivos dos incendios do verán e do outono.



CLASE 8.^a



ON3404205

A Subdirección Xeral de Recursos Forestais, cun importe total de 4.5878.203,40 € representa un 27,44 % do total, en cifras absolutas e relativas similares ás do exercicio precedente. As actuacións desenvoltas continúan sendo fundamentalmente relativas á sanidade forestal, e tratamentos silvícolas.

A Subdirección Xeral de Innovación e Formación Agroforestal encomendou servizos de estatísticas agrarias e apoio para o control de actividades formativas. O importe total ascende a 69.761,48 €, os servizos continuarán durante o exercicio seguinte.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, mantén unha cota do 11,28% e un volume de 1.881.622,45 €, o que representa unha caída practicamente da metade en termos absolutos fronte ao exercicio precedente (3.775232,85 €). As encomendas están relacionadas con obras de infraestruturas agrarias, especialmente as incluídas no Plan de Concentración Parcelaria.

A Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, a través da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias, realizou un encargo relativo a recollida de pataca nos concellos afectados pola couza da pataca, (Tecia solanivora) que representou un 3,24% da actividade, cunha cifra de negocio de 541.213,63 €.

Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, a través da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental, continuou encomendando á Sociedade os traballos de recuperación de puntos de vertido incontrolado. O importe total ascendeu a 904.437,41 €, un 5,42%, diminuindo respecto ao ano precedente, aínda que a actividade continuará no exercicio 2018.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural encomendou un servizo de mantemento de espazos naturais protexidos que continúa no exercicio 2018. Ademais se realizaron traballos de



ON3404206

emerxencia tras os incendios de outubro no Parque Natural de Baixa Limia – Serra do Xurés. O impoorte total dos encargos ascende a 583.484,36 € o que representa un 3.50% da actividade.

Consellería do Mar

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a Través da Subdirección Xeral de Apoio Científico continuou encomendando actuacións á Sociedade, tales como a reinstalación de moluscos e rexeneración dos bancos marisqueiros, acadando un importe total de 606.813,44 €, un 3,64% do volume total. A tendencia é a redución deste tipo de traballos.

Mantense a encomenda de xestión para a retirada, almacenamento e xestión de residuos procedentes da inspección de vixilancia pesqueira Subdirección Xeral de Gardacostas, cun importe de 74.906,47€.

CONSELLERÍA		CLIENTE	IMPORTE	%
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA		AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	8.991,63 €	0,05%
		RETEGAL	29.944,61 €	0,18%
FACENDA		SEC. XER TÍC. E DO PATRIMONIO	5.788,02 €	0,03%
CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA		FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA	300.832,02 €	1,80%
MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO		CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO	904.437,41 €	5,42%
		PATRIMONIO NATURAL	583.484,36 €	3,50%
MAR		DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	606.813,44 €	3,64%
		GARDACOSTAS	74.906,47 €	0,45%
		INTECMAR	9.626,00 €	0,06%
MEDIO RURAL	DESENVOLVEMENTO RURAL	INFRAESTRUTURAS AGRARIAS	1.881.622,45 €	11,28%
	GANDERÍA AGRICULTURA	EXPLOTACIÓNS AGRARIAS	541.213,63 €	3,24%
		RECURSOS FORESTAIS	4.578.203,40 €	27,44%
	ORDENACIÓN FORESTAL	PREVENCIÓ E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS	7.084.090,62 €	42,46%
		INNOVACIÓN E FORMACIÓN AGROFORESTAL	69.761,48 €	0,42%
ENCE		OUTROS	4.923,75 €	0,03%
		TOTAIS	16.684.639,29 €	




CLASE 8.^a



ON3404207

No seguinte gráfico pode observarse a distribución porcentual da cifra de negocio por clientes correspondente ao exercicio 2017 cos distintos centros xestores que lle teñen formulado encomendas á Sociedade.



2.3. ÁREAS DE ACTIVIDADE.

A Sociedade segue tendo como primeira fonte de ingresos as Obras e Servizos Forestais cunha porcentaxe do 69,90 % da actividade, seguido polas Obras e Servizo Agrarios (14,94%), as obras e servizos ambientais (11,02%) e as actividades no eido mariño (4,14 %).

Neste exercicio hai unha clara predominancia das actividades forestais.



CLASE 8.^a




ON3404208

Na táboa preséntase a cifra de negocio correspondente a cada área de actividade.

AREA DE ACTIVIDADE	CIFRA DE NEGOCIO	%
OBRAS E SERVIZOS AGRARIOS	2.492.597,56 €	14,94%
OBRAS E SERVIZOS FORESTAIS	11.662.294,02 €	69,90%
OBRAS E SERVIZOS MARIÑOS	691.345,91 €	4,14%
OBRAS E SERVIZOS AMBIENTAIS	1.838.401,80 €	11,02%
TOTAL	16.684.639,29 €	

Axúntase o gráfico correspondente.





CLASE 8.^a



ON3404209

2.4. ENCOMENDAS MAIS REPRESENTATIVAS.

As encomendas mais representativas recibidas pola sociedade son:

- Encomenda de xestión para a execución de traballos preventivos cofinanciados co FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) no marco do PDR de GALICIA 2014-2020, e servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña do ano 2017.
- Encomenda de xestión para a execución de medidas urxentes de control de efectos erosivos tras os incendios do verán de 2017.
- Encomendas de xestión para actuacións de loita contra pragas das especies forestais (avispiña do castiñeiro, defoliadores, nematodos, etc..).
- Encomendas de xestión para a loita contra enfermidades das especies forestais (cancro do castiñeiro, fusarium, etc...)
- Encomendas de execución de redes de camiños en zonas de concentración parcelaria cofinanciadas polo FEADER.
- Obras de recuperación, adecuación e limpeza de puntos de vertido incontrolado en diferentes concellos de Galicia, cofinanciada polo FEDER.
- Encomendas de xestión para o mantemento de espazos naturais protexidos.
- Encomenda de execución para a reinstalación de moluscos bivalvos procedentes de zonas clase C no litoral norte (Ría de Ferrol) da Comunidade Autónoma de Galicia.



ON3404210

- Encomendas de xestión para a creación do Bosque de Galicia na Cidade da Cultura.

3. RESULTADOS E INDICADORES CLAVE.

O resultado de explotación antes de impostos acadou os 219.540,84 €, fronte ós 276.194,40 € do exercicio 2016.

A previsión do resultado neto de explotación ascende a 164.036 €, un 0,98% sobre a cifra de negocio, unha vez descontada a cota líquida do Imposto de Sociedades que ascende a 55.505,03 €.

O beneficio obtido pola Sociedade mantense dentro da mesma orde de magnitude que no exercicio precedente.

Na táboa seguinte, preséntase a evolución do beneficio neto acadado pola Sociedade nos últimos 5 exercicios.

Exercicio	Cifra de Negocio (€)	Beneficio neto (€)	Beneficio neto (%)
2013	13.188.645	290.160	2,20%
2014	10.957.772	149.960	1,37%
2015	16.713.513	728.720	4,36%
2016	17.362.721	207.276	1,19%
2017	16.684.639	164.036	0,98%

Unha análise mais detallada da conta de perdas e ganancias denota que a marxe das operacións neste exercicio non é positiva e o resultado acádase como consecuencia dos excesos de provisiones. A explicación atópase nas contingencias laborais ás que houbo que




CLASE 8.^a



ON3404211

facen fronte como froito da negociación colectiva, que se explican con mais detalle no apartado relativo a recursos humanos.

Axúntase o gráfico coa evolución do resultado (beneficio neto) obtido pola Sociedade nos últimos cinco anos.



A Sociedade, ao peche de exercicio, conta cunha Tesourería (1.950.234 €) dentro da mesma orde de magnitude que a do exercicio anterior (2.231.829,52 €). A conta de acredores comerciais e outras contas a pagar ten un saldo de 5.495.808,70 € e a de debedores comerciais un saldo de 10.532.034,88 € o que garante a solvencia, aínda que a non contar a Sociedade con instrumentos de financiamento, é necesaria coordinación á hora de planificar os pagamentos, pois podería xerar un conflito cos períodos medios de pagamento esixidos polas instrucións actuais.

Preséntase no gráfico a evolución da Tesourería da Sociedade.




CLASE 8.ª



ON3404212

Evolución do Saldo de Tesourería



Preséntanse a táboa que recolle a evolución da Tesourería e o estado de Anticipos de Clientes da Sociedade nos últimos cinco exercicios.

Ano	2013	2014	2015	2016	2017
Anticipos de clientes	0	63.683	427.162	815.748	1.233.087
Tesourería	3.065.999	7.454.204	11.222.895	2.231.830	1.950.234

O peche do exercicio os anticipos de clientes acadan unha cifra 1.233.087 € correspondente a obras en curso cuxa execución continúa no exercicio 2017. Estas situación prodúcese porque a forma de tramitar as facturas é diferente cara aos clientes e os provedores. Mentres as certificacións expedidas pola Administración (do mesmo xeito que se tratan as certificacións dos contratistas) teñen carácter de entregas a conta, as facturas aprobadas pola empresa corresponden a traballos completamente executados.



CLASE 8.^a



ON3404213

4. MEDIOS DA SOCIEDADE.

4.1. INSTALACIÓNS

A Sociedade conta, na actualidade con cinco sedes:

SEDE CENTRAL: Cóntase con dúas naves en réxime de aluguer no Polígono do Tambre. Nas oficinas atópanse os servizos centrais (Xerencia, Dirección Técnica, Recursos Humanos, Contabilidade, etc...) e funciona como almacén central de subministros e equipos.

CORUÑA: Cesión mediante un permiso de ocupación temporal por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar da antiga vivenda do Director da Escola de Capataces de Guísamo (Bergondo). Dispón de oficinas, almacéns e espazo exterior para aparcamento.

LUGO: Dende o mes de xullo de 2011 ocúpase unha nave en réxime de aluguer no Polígono do Ceao (Concello de Lugo).

OURENSE: Dende o mes de xullo de 2011 ocúpase unha nave en réxime de aluguer no Polígono de San Cibrao das Viñas, no Concello do mesmo nome.

PONTEVEDRA: Ocupando actualmente as instalacións de Salcedo, con permiso de ocupación temporal por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Dentro da política seguina nos últimos anos pola Administración Autonómica no que respecta aos alugueres, deberíase intentar conseguir a cesión de outros locais para reducir os gastos xerais.



ON3404214

4.2. MAQUINARIA E VEHÍCULOS.

A Sociedade conta con maquinaria (máquinas forestais, ferramentas) axeitada e suficiente para facer fronte ós traballos encomendados. A renovación do parque, que dada dos exercicio 2008 e 2009 vaise realizando de acordo coas necesidades.

Durante o exercicio 2017 procedeuse á adquisición dun vehículo anfíbio para a realización de traballos de rexeneración de bancos marisqueiros e dun canón para aplicación de produtos fitosanitarios empregados nos traballos de sanidade vexetal.

Os resto dos vehículos empregados pola Sociedade utilízanse en réxime de aluguer operativo, pois o emprego de outros sistemas (compravenda, leasing, renting) xa foi analizado e non responde á alta variabilidade característica da demanda da Sociedade.

Durante o ano 2017 licitouse e adxudicouse un novo acordo marco sometido a regulación harmonizada que inclúe a maior parte das necesidades de vehículos por parte da Sociedade. A vixencia prevista de dito acordo é de 4 anos, aínda que, si as cantidades estimadas se esgotasen, sería preciso proceder a unha nova licitación.

Durante o exercicio 2017 incrementáronse os alugueres de maquinaria sen condutor (retroexcavadoras, rodillos compactadores, tractores, etc..). No exercicio 2018 iniciáranse procedementos de adquisición (compra ou aluguer) de maquinaria de obras para acometer traballos incluídos nas encomendas de xestión.

4.3. EQUIPOS TÉCNICOS.

A Sociedade dispón dun inventario de equipos técnicos (aparatos de medición, etc...) en número suficiente e de características axeitadas para o desenvolvemento da súa actividade.



CLASE 8.^a



ON3404215

Planifícase e lévase a cabo a necesaria renovación tecnolóxica, sempre de acordo cun estrito control de custo.

4.4. SISTEMAS INFORMÁTICOS.

A Sociedade ten adquirido distintas aplicacións informáticas de xestión e técnicas. Tamén ten desenvolto aplicacións propias para asuntos tan sensibles como a xestión das listas de contratación.

A renovación da páxina web da sociedade efectuouse durante o exercicio e xa está operativa, ademais de modificar a imaxe, simplifícouse de xeito notable o proceso para a publicación dos procedementos de selección e contratación de persoal laboral temporal mediante as listas de contratación.

Segue sen avanzar o proceso de integración dos medios informáticos nin a migración física dos servidores e aplicacións ás instalacións xestionadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). Ata agora, produciuse soamente a integración no dominio corporativo.

Tendo en conta a necesaria evolución dos procedementos de contratación, farase necesaria a renovación do parque de equipos informáticos, polo que se iniciarán procedementos de adquisición no exercicio 2018.

4.5. SISTEMAS DE XESTIÓN.

Para unha mellor coordinación e mellora do funcionamento da Sociedade iniciáronse os traballos para a implantación dos sistemas de xestión que se relacionan a continuación.



ON3404216

No momento en que estes documentos estean aprobados e implantados, pasarán a formar parte do marco regulador do funcionamento da Empresa.

Prevención de delitos (Compliance penal):

Os borradores dos documentos foron elaborados e remitidos a Asesoría Xurídica para o seu informe, estando pendentes certas modificacións para a súa implantación.

Protección de Datos e Seguridade da Información:

Elaborado o borrador do documento de seguridade para a súa aprobación cando se produza a entrada en vigor do Regulamento Xeral de Protección de Datos, que substituirá á actual normativa vixente e que comezará a aplicarse o 25 de maio de 2018.

A política de protección de datos e seguridade na información é un elemento necesario tamén para a implantación do modelo de cumprimento penal (Compliance).

Calidade, Medio Ambiente e Prevención de Riscos Laborais.

Elaboráronse borradores do manual de xestión e procedementos estratéxicos. Aínda que non está previsto, polo momento, a certificación baixo as normas UNE-EN ISO 9001, UNE-EN ISO 14001 e OHSAS 18001 ditos documentos están redactados coa súa estrutura. No caso da Prevención de Riscos Laborais, a Sociedade conta cun servizo de prevención propio, polo que a adaptación é moito mais sinxela.

A Política de medio ambiente e prevención de riscos laborais tamén é un elemento a ter en conta na implantación do modelo de cumprimento penal (Compliance).



CLASE 8.^a



ON3404217

5. RECURSOS HUMANOS.

5.1. RÉXIME.

Toda a plantilla da Sociedade está composta por persoal laboral (de cadro ou eventual) dado o carácter de sociedade mercantil pública de Seaga.

O persoal de cadro é o que leva a cabo funcións permanentes da empresa (pode ser indefinido ou interino) e o persoal eventual está ligado ó desenvolvemento das encomendas recibidas pola Sociedade, polo que é contratado por obra ou servizo determinado.

O cadro de persoal de Seaga está composto por 32 postos de traballo, dos cales, en teoría só 11 están cubertos actualmente. As 21 restantes atópanse vacantes, durante o exercicio 2017 materializarase a modificación do cadro para a súa adaptación á realidade actual da Empresa.

A Sociedade está sometida as Instrucións ditadas de forma conxunta polas Direccións Xerais de Orzamentos e Función Pública no que respecta á tramitación de solicitudes, informes e autorizacións.

Os procesos selectivos de contratación de persoal de cadro son autorizados polo Consello de Administración, unha vez aprobadas as bases específicas, informadas pola Asesoría Xurídica e obtidos os informes necesarios da Consellería de Facenda.

A contratación de persoal eventual require informe previo favorable conxunto das Direccións Xerais de Función Pública e Orzamentos que comprobán a existencia das encomendas e os créditos suficientes nos orzamentos.



ON3404218

Unha vez obtido o informe, solicítase autorización para á contratación á Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público.

5.2. SELECCIÓN E CONTRATACIÓN.

A selección do persoal que a Sociedade necesita contratar para a xestión e realización das encomendas que recibe da Administración realízase polo sistema de listas previas por categorías profesionais implantado durante o exercicio 2008. Tanto as bases que rexen este sistema, como as propias listas, e todo o proceso de elaboración, atópanse publicamente expostas na páxina web da Sociedade para que poidan libremente ser consultadas por calquera interesado nas mesmas.

As bases xerais de contratación foron publicadas o 28 de abril de 2010. Dende entón, o persoal contrátase a partires das listas elaboradas segundo ditas bases, sen ser necesario recorrer a outros sistemas, agás no caso do dispositivo de reforzo de prevención e defensa contra os incendios forestais, no que por terse esgotado as listas, nalgúñas categorías requiridas, fíxose necesario recorrer ao Servizo Galego de Colocación.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia queda derogada a Lei 10/1996, pero está previsto a existencia de sistemas de listas previas por categorías.

5.3. EMPREGO

O número de traballadores de Seaga está sometido a fortes variacións segundo a época do ano, hai unha importante estacionalidade derivada das encomendas relacionadas coas brigadas de reforzo do dispositivo de incendios.



CLASE 8.^a
 0,03 EUROS



ON3404219


O número medio de traballadores de Seaga durante o exercicio 2017 foi de 287, cifra moi superior á do pasado exercicio (226) debido ao incremento de encomendas de xestión de servizos (retirada de pataca, mantemento de espazos naturais) e, sobre todo, á prolongación de emerxencia do servizo de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais que implicou o despregue de 528 traballadores durante un mes.

Na seguinte táboa e no gráfico adxunto recóllese a evolución experimentada nos cinco últimos exercicios polo número medio de traballadores da Sociedade:

NÚMERO MEDIO DE TRABALLADORES

Ano	2013	2014	2015	2016	2017
Nº medio	194	194	234	226	287

Evolución emprego medio



O número medio de traballadores por centro de traballo presenta un certo desequilibrio hacia o centro de traballo da provincia de A Coruña. Este fenómeno ten a súa explicación en



CLASE 8.^a




ON3404220

que este centro conta con dúas oficinas (Santiago e Guísamo) e que hai un gran número de encomendas con ámbito de actuación autonómico e que son xestionadas dende os servizo centrais.

NÚMERO MEDIO DE TRABALLADORES POR PROVINCIA

Provincia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Emprego medio	103	58	69	57	287

Preséntase a continuación, o gráfico coa distribución territorial de traballadores.





CLASE 8.^a



ON3404221

Dada a clara estacionalidade mostrada pola actividade da Empresa, hai un gran número de traballadores con relación laboral discontinúa, por outra banda, a contratación dos traballadores das encomendas de xestión é eventual; en consecuencia, o número promedio de empregados está calculado polas horas de traballo.

No exercicio 2017, o número total de empregados no período de risco alto de incendios superou os 700, mentres que durante o resto do ano, o número de traballadores descende ata cifras xeralmente inferiores aos 100.

Non obstante, pódese apreciar un cambio na tendencia como un síntoma da redución da estacionalidade, dado que os dous últimos exercicios o número de traballadores ao peche do exercicio foi claramente superior ao dos anteriores.

NÚMERO DE EMPREGADOS A 31 DE DECEMBRO

Ano	2013	2014	2015	2016	2017
Nº a 31/12	60	60	75	98	150

Nos últimos exercicio, como mostra da diversificación de actividades, vanse efectuando contratacións dunha maior variedade de categorías profesionais, o que pode propiciar a formación de equipos multidisciplinares. No caso deste exercicio, ao alto número de traballadores a final de ano, é debido ás necesidades da encomenda de traballos urxentes de control de riscos erosivos e ás encomendas de traballos preventivos.

Na seguinte táboa reflíctese á distribución de número medio de efectivos por categorías profesionais.



CLASE 8.^a



ON3404222

DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍAS PROFESIONAIS

Nº medio empregados 2017	287,08
Categoría	Total
ADMINISTRATIVO	3,41
AUX. ADMINISTRATIVO	3,17
CAPATAZ	24,26
COORD.SISTEMAS INFORMATICOS	1,00
DIRECT. TECNICO	1,00
DIRECTOR XERENTE	1,00
ENX. TÉCN. FORESTAL	18,24
ENX. TÉCNICO DE OBRA PÚBLICA	0,65
ENXEÑEIRO DE MONTES	4,93
ENXEÑEIRO TECNICO AGRICOLA	6,96
MAQUINISTA/CONDUTOR	5,22
OPERADOR CODIFICADOR	2,00
PEON	88,45
PEON ESPECIALISTA	74,10
TECNICO PROVINCIAL	3,02
XEFA RECURSOS HUMANOS	1,00
XEFE BRIGADA	48,67
Total	287,08

5.4. FORMACIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL.

Durante o exercicio 2017 impartíronse preto de 8.000 horas de cursos formación específica (prevención de riscos, incendios forestais, etc...) entre todo o persoal contratado pola Sociedade, mais de 700 traballadores.

Ademais do indicado, celebráronse accións de formación continua no eido técnico (sistemas de información xeográfica, programas informáticos, etc) que seguiron preto de 70 traballadores o que implicou preto de 2.300 horas.



ON3404223

Por último, impartíuse formación e prevención de riscos laborais (recurso preventivo) a 73 traballadores, o que implicou preto de 4.400 horas.

5.5. RETRIBUCIÓN.

As retribucións dos traballadores de Seaga están recollidas nas táboas salariais aprobadas pola Consellería de Facenda. Ditas táboas experimentan as variacións definidas na leis de orzamentos de cada ano.

A lei 2/2013 do 28 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia establecía unha redución salarial para o persoal ao servizo do sector público da CC.AA de Galicia, no caso de Seaga dita redución significou un 4,35%. Durante o exercicio 2017, en virtude da aprobación no Parlamento de Galicia da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da CC.AA. de Galicia procedeuse á recuperación da estrutura salarial previa á aprobación da Lei 2/2013.

Por outra banda, os salarios dos empregados do sector público incrementáronse un 1% en todo o conxunto do Estado.

Durante este exercicio levouse a cabo unha modificación da estrutura retributiva relativa ao traballo desenvolto en horario nocturno. As táboas salariais establecían un complemento de singularidade que retribuíra diversos conceptos (traballo a quendas, traballo en festivos, penosidade, perigosidade, nocturnidade...). Tras diversas resolucións xudiciais baseadas na regulación do traballo establecida polo Estatuto dos Traballadores, decidiuse abrir un proceso de negociación colectiva e solicitar a correspondente autorización para o incremento das retribucións. De tal xeito que, a partires deste exercicio, o traballo desenvolto en horario nocturno retribuírase especificamente, establecendo un incremento porcentual por cada hora de traballo. Como parte do acordo asinado coas catro centrais sindicais que teñen representación nos Comités de Empresa (CIG, UGT, CCOO y CSIF)



CLASE 8.^a



ON3404224

incluíuse o pagamento das horas desenvoltas en traballo nocturno correspondente ao ano 2016.

5.6. CUSTOS DE PERSOAL.

No exercicio 2017 os gastos de persoal incrementáronse de xeito considerable polas seguintes causas:

- O incremento dos salarios derivados da leis orzamentarias que supera o 5%.
- O pagamento das horas desenvoltas en horario nocturno correspondentes aos exercicios 2016 e 2017.
- A prolongación de emerxencia do servizo de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.

Como resultado destes factores, os custos de persoal totais incrementáronse ata os 7.739.703,43 €, fronte aos 6.765.299,70 € do exercicio precedente, cun aumento porcentual que ronda o 10% , en consecuencia, os custos laborais sitúanse no 47 % en 2017 fronte o 37 % de 2016.

Un aspecto a ter en conta é que estes aumentos de custes de persoal non estaban previstos por non estar as Tarifas actualizadas no momento da redacción das encomendas de xestión, é dicir, que non tiveron repercusión nos prezos aplicados, diminuindo a marxe operativa das mesmas. En concreto, a retribución do traballo nocturno tivo un impacto neto de 393.050,77 € ao que hai que engadir as cotizacións sociais.

Paralelamente, é preciso mencionar que os excesos de provisións liberados neste exercicio foron dotados no seu momento por reclamacións de índole laboral.




CLASE 8.ª



ON3404225

Pódese apreciar a evolución dos custos de persoal nos últimos cinco exercicios no gráfico seguinte:



6. EVOLUCIÓN PREVISTA

A liña estratéxica emprendida pola Sociedade nos últimos exercicios persigue a diversificación das súas actividades e a consolidación do seu modelo de xestión pública, nas seguintes áreas:

1. A colaboración nas campañas de prevención e defensa contra incendios forestais, poñendo a disposición da Consellería un dispositivo de reforzo na extinción na época



CLASE 8.^a



ON3404226

de risco alto de incendios forestais e desenvolvendo traballos de prevención e mellora de infraestruturas.

2. A execución de obras de restauración forestal, de traballos selvícolas e de defensa contra pragas e enfermidades en montes ordenados baixo xestión da Comunidade Autónoma.
3. A colaboración en actuacións de infraestrutura e equipamentos para o medio rural dentro da estratexia de mellorar a calidade de vida dos concellos rurais e do reequilibrio territorial.
4. A asistencia técnica na redacción dos instrumentos de planificación preventiva forestal ou de infraestruturas agrarias, e a realización de todo tipo de estudos relacionados co Medio Rural.
5. A execución de obras e prestación de servizos de mantemento nos espazos naturais protexidos de Galicia xestionados pola administración da Comunidade Autónoma.
6. A execución de obras e a prestación de servizos relacionados coa xestión dos recursos mariños.
7. O desenvolvemento de actuacións relacionadas coa mellora da calidade ambiental na restauración de zonas degradadas e na xestión dos residuos.
8. A participación en calquera tipo de actuacións de emerxencia para restauración de infraestruturas rurais ou dos recursos naturais.

De acordo coa estrutura actual da Sociedade, a previsión do volume de actividade para o vindeiro exercicio (expresado nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma) acada unha cifra de negocio aproximada de 15 millóns de euros, na liña dos últimos anos.



CLASE 8.^a



ON3404227

A principal particularidade (dentro do sector público) dos orzamentos da Sociedade é que non se prevén mais ingresos que os derivados da prestación de servizos, non hai subvencións de capital nin aportacións patrimoniais. Por todo elo, a execución final dos orzamentos da Sociedade está directamente relacionada coa execución real dos orzamentos da Administración da Comunidade Autónoma e sometida ás súas modificacións.

7. RISCOS E INCERTEZAS.

A entrada en vigor da Lei 9/2017 de contratos do Sector Público vai afectar de xeito significativo a actividade dos medios propios instrumentais do Sector Público, concretamente:

- Establece limitacións para os encargos aos medios propios personificados.
- Regula a posibilidade de contratación externa das prestacións parciais de servizos.

A razón de existencia desta Sociedade, é proporcionar unha ferramenta útil para a Administración, mellorando a xestión de xeito continuo:

- Adaptación e consolidación da estrutura actual cos recursos necesarios para levar a bo termo as actuacións, mediante as oportunas modificacións do cadro de persoal.
- Potenciación dos medios técnicos da Sociedade con ferramentas tendentes á optimización da utilización dos recursos.
- Prevención de riscos: Aprobación e implantación de sistemas de xestión que limiten os riscos derivados das actuacións (penais, laborais, ambientais, etc...)



CLASE 8.^a



ON3404228

- Mellora continua da xestión: Implantación de sistemas de xestión que garantan a calidade dos traballos.

8. USO DE INSTRUMENTOS FINANCIEROS.

Durante o exercicio 2017 non foi necesario empregar instrumentos financeiros de cobertura nin se considera que a Sociedade estea exposta a riscos significativos de liquidez e fluxos de caixa.

9. ACCIONARIADO E CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN.

9.1. ACCIONARIADO.

Durante o exercicio 2017 o capital social non experimentou variación, sendo o 100% de titularidade da Xunta de Galicia.



CLASE 8.^a



ON3404229

9.2. CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN.

Durante o exercicio non se modificou a composición do Consello de Administración da Sociedade, continuando os mesmos membros que no peche do exercicio precedente.

Santiago de Compostela a 23 de marzo de 2018



ON3404230

Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos SA, Seaga.

Formulación das Contas Anuais e do Informe de Xestión

En Santiago de Compostela, a data 23 de marzo de 2018, reunidos os administradores de Seaga S.A, Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, formulan as presentes Contas Anuais que compoñen o Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de Ingresos e Gastos recoñecidos, Estado Total de Cambios no Patrimonio Neto, Estado de Fluxos de Efectivo, Memoria e Informe de Xestión correspondentes ao Exercicio rematado 2017, presentes neste documento que consta de 77 páxinas de papel timbrado, impresas por unha carilla, con numeración ON3404152 a ON3404229.

Os administradores da Sociedade declaran que, ata onde alcanza o seu coñecemento, As Contas Anuais que se presentan correspondentes ó exercicio 2017, foron elaboradas con arreglo aos principios de Contabilidade aplicables, ofrecen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos SA, Seaga. Así mesmo, o Informe de Xestión inclúe un análise fiel da evolución dos resultados e posición da Sociedade.

En Santiago de Compostela a 23 de marzo de 2018.

A Presidenta do Consello

Angeles Vázquez Mejuto

O Conselleiro

Tomás Fernández-Couto Juanas

O Conselleiro

Manuel Vidal Martín

A Conselleira

María Castro Piñeiroa

O Conselleiro

Carmen Bouso Montero